



EDITORIAL GALAXIA NOVIDADES



XOSÉ MONTEAGUDO

Esta historia

Colección LITERARIA

EDITORIAL GALAXIA 2006, 200 páxinas

P. V. P. 12,50 € IVE incluído

ISBN 84-8288-910-9



A VIDA SECRETA

A agardada novela de Xosé Monteagudo, un dos novos narradores galegos que nos últimos anos obtiveron o prestixioso Premio Blanco Amor, chega arestora ás mans das lectoras e lectores. ***Esta historia*** descobre o que hai detrás dunha vida, cóntaa e sorpréndenos coas mudanzas dun destino imprevisto. A través da conversa de dous amigos, a novela revela o misterio dun personaxe engaiolante.

Cunha maneira de contar orixinal e intensa, de grande eficacia narrativa, Xosé Monteagudo introdúcenos na historia de Charli Gómez, un universitario que engaiola a todos os que o coñecen polo seu **espírito libre** e imprevisible. Anos despois, un dos seus amigos, convertido en escritor, intenta saber que foi daquel vello coñecido, como rematou a súa historia. Dos anos universitarios ao afundimento das ilusións, da mocidade á vida familiar, a novela tece e destece o fío dunha existencia que sorprende de contino.

O papel das lembranzas e o paso do tempo, a idea que cadaquén se fai dos demais e o peso das circunstancias modifican paso a paso o relato, convertendo ***Esta historia*** nunha busca da verdade, na **aventura literaria** dun personaxe que sorprende a cada reviravolta do camiño. ¿Quen é Charli Gómez? ¿É certo o que se conta del? ¿Agochamos todos unha vida secreta que vai alén do que se coñece de nós? Monteagudo consegue meter o lector na novela, que participe e lea, especule e se ilusione, mesmo que tente adiantarse ao final sen conseguilo.

Un libro de narrativa que deixa un sinal perdurable e nos achega a un escritor de auténtica cerna literaria.

XOSÉ MONTEAGUDO (Moraña, 1965) comezou a súa traxectoria literaria ao obter o accésit no premio Modesto R. Figueiredo do ano 2001 co relato "O engado do triángulo". A súa primeira novela, ***As voces da noticia***, resultou gañadora do Premio Blanco Amor no ano 2002; nela, o autor sèrvese de transcricións de fitas magnetofónicas, correos electrónicos, entrevistas e mesmo actas xudiciais para tecer unha narración na que as voces dos protagonistas reflicten cadansúa percepción dos acontecementos.

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Departamento de Comunicación

Reconquista, 1. 36201Vigo. Telf.: 986 432 100 / Fax: 986 223 205 galaxia@editorialgalaxia.es